



EXPERIENCIA INTERDISCIPLINAR NOS C.C.P.P. ROSALIA DE CASTRO E “ANEXA” DE LUGO

Julia Estévez Mengotti

Universidade de Santiago

Tentamos realizar esta experiencia partindo de que o pequeno, ó actuar, vivencia, experimenta e madura.

A actividade desenvolveuse con pequenos de primeiro de Preescolar, de idades entre 4 e 5 anos.

OBXETIVO

Coñecemento das partes do corpo en lingua galega.

ACTIVIDADES

Desenvolvidas na aula e no ximnasio.

- Contacto co noso propio corpo.
- Contacto cos demais.
- Contacto cos obxectos e as distintas partes do corpo.

MATERIAL

Aros, cordas, bancos, globos, debuxos das partes do corpo en fichas... magnetófonos e cámara de vídeo.

METODOLOXIA

Procedemento conducido.

Procedemento semiconducido.

Procedemento libre.

AVALIACION

Por medio de debuxos: os pequenos tiñan que dar cor ás partes do corpo que traballáramos, coas cores que lles ía sinalando.

DESENVOLVEMENTO DA ACCION

Tódalas sesións foron filmadas para unha posterior observación e análise da mesma.

PRIMEIRA SESION

O BXETIVO

Coñece-lo nome dos alumnos.

Sabe-las partes do corpo que coñecían en castelán.

ACTIVIDADE

Os pequenos sentáronse no tapiz formando un círculo. Un por un debían saír ó centro, presentarse e realizar algún movemento ó mesmo tempo que dicían o seu nome: saltaron, abrocharon os mandilóns, deron palmadas, xiros, fixeron algún “paso” e danza... Algúns pequenos imitaron o movemento doutro compañeiro e incluso, como unha nena, un xesto de burla coas máns.

Esta primeira actividade fixérona tímidamente, actitude normal xa que entraron na aula varias persoas que eles non coñecían: a profesora de Didáctica da Lingua e da Literatura, interesada en presencia-la actividade, e dos mestres de E.X.B. que se encargaron de filmala.

Non estiveron presentes na experiencia as profesoras dos nenos.

A segunda actividade supoñía un reforzo, e, ó mesmo tempo que se presentaban nomeaban distintas partes do corpo que sinalaban:

- Eu chámome Xoán e teño unha mosca no nariz.

O neno que está ó seu lado di:

- Chámase Xoán e ten unha mosca no nariz.

(Ó tempo que tenta espantala tocándolle a parte nomeada).

- Eu chámome Pedro e teño unha mosca nun dedo.

No encerado epuntábanse aquelas partes do corpo que se ían nomeando.

Como terceira actividade, o profesor nomeaba a un neno do círculo que saía ó centro.

Este chamaba a un compañeiro que ía sinalando nel, as distintas partes do corpo que coñecía en castelán.

Os que ficaban sentados no círculo ían sinalando esa mesma parte do corpo que se nomeaba.

O tempo que comprobabamos o coñecemento do esquema corporal, quedámonos co nome do neno, aspecto fundamental para todo profesor.

A derradeira actividade consistiu en repartires unhas cartulinas de cores que os nenos debían colocar na parte que se nomeaba.

Puidmos comprobar que coñecían os seguintes termos:

“Garganta, cuello-pescuez, barriga, codo, espalda, muñeca, pie, dedo, pierna, brazo, ojo, cejas, cabeza, cara, pestañas, tobillo, rodilla, cintura, oreja, pecho, hombro, pelo”.

Deuse o caso dun neno que se negou a integrarse na actividade. A profesora, con posterioridade, aclarounes que se trataba dun neno con problemas de comunicación.

SEGUNDA SESION

OBXETIVO

Xa en galego, as partes do corpo que comprobamos coñecían en castelan foron substituídas polas correspondentes galegas que presentamos ós nenos.

Por suposto, a lingua utilizada na aula foi xa a galega.

As actividades foron realizadas de pé e estáticos nun primeiro momento.

Sinaláronse as partes do corpo: man, pé, perna, pescozo, brazo, boca, cara, orella.

Estes termos resultaron doados para os nenos.

Seguimos despois a nosa andaina, con vocábulos xa descoñecidos para eles: xeonllo, cóbado, nocelo.

As actividades realizáronse desplazándose polo tapiz, poñendo a parte do corpo que lle sinalábase no chan, correndo, saltando, colocando a parte nomeada a carón do compañeiro...

Empregouse música para desplazarse, de maneira que cando se interrompía debían realiza-la acción indicada, é dicir, empregouse o movemento na acción, un apoio musical. Desplazábanse con actividades motrices básicas por todo o espacio.

Rematouse a actividade cunha canción infantil da que memorizaron a primeira parte.

Trátase da canción “Este olliño pimpilín...” que figura no volume Cantares de Carme López Taboada e Manuel Rico Vereá (Ed. Casals. Barcelona, 1983). Figura como anexo á nosa exposición.

TERCEIRA SESION

OBXETIVO

Comproba-lo que recordaran e fixaron, insistindo naqueles termos de maior dificultade.

ACTIVIDADES.

As anteriormente indicadas, pero empregando como material para identificación os globos, elemento que contribuíu a un meirande afán e actividade nos nenos.

Repasamos axiña, tocando cos globos, as partes do corpo que se foron enumerando.

Como final da actividade completouse a canción, incorporando á memorización a segunda parte.

Entre os logros da experiencia, puidmos comproba-la incorporación do pequeno que se resistía a integrarse nas actividades.

CUARTA SESION

O BXETIVO

Cambia-lo lugar da acción educativa (realizouse esta sesión no ximnasio).

Reforzar, con tarefas motrices cotiáns, os coñecementos suscitados nas reunións anteriores realizads na aula.

ACTIVIDADES

Desplazaranse saltando polo ximnasio.

O nomerase unha parte do corpo, os alumnos tiñan que tocar con ela algún obxecto do ximnasio.

Colocouse ós alumnos en cinco filas en frente de cinco aros. Dentro destes, as cinco partes do corpo que traballábamos: man, pé, nocelo, xeonllo e cóbado. Os primeiros de cada fila tiñan que ir arrastrándose ata a parte nomeada e o aro correspondente e voltar ó seu sitio.

Os pequenos, libremente, traballaron ó seu ritmo, colocando as distintas partes do seu corpono chan.

Máis tarde debuxaron no chan con cordas as distintas partes do corpo que estiveron traballando. No debuxo coas cordas sobre o chan, o que máis representaron foron mans e pés.

OBSERVACIONES

Resultou moi positivo o traballo no ximnasio, entre outros aspectos pola novidade que para eles resultaba.

As actividades motrices puideronse realizar con máis amplitude: esta é a forma de ir desenvolvendo o coñecemento e dominio do entorno.

QUINTA SESION

O BXETIVO

Avaliar para ter un coñecemento directo do resultado do traballo realizado.

ACTIVIDADE.

Repartúselles ós nenos cadanseu debuxo. Neste debuxo aparacía unha figura humán. Tiñan que dar cor ás seguintes partes:

Man: vermello

Pé: azul.

Nocelo: amarelo.

Cóbado: marrón.

Xeonllo: verde.

RESULTADO

Número de nenos: corenta.

Respostas correctas: 30 %

Só catro catro respostas correctas: 17 %

Só tres: 42 %

Só duas: 10 %